



RECUNCHOS DE VIANA DO BOLO



IMPRENTA DASAIAS - VERIN






CONCELLO DE VIANA DO BOLO



XUNTA DE GALICIA

DESEÑO E FOTOGRAFÍA
Técnico Local de Emprego
Técnico de Voluntariado



O Concello de Viana do Bolo está situado ao sureste da provincia de Ourense. A súa extensión é de 270,40 Km² sendo o segundo más extenso da provincia. Nel aséntanse 35 parroquias e 52 núcleos de poboación.

Este municipio forma parte das serras surorientais galegas, caracterizadas polas altas montañas e os profundos vales, percorridos por numerosos ríos (Bbei, Camba, Conso) que en moitos casos forman encoros.

A altitude media do concello é de 1200m, esta altitude condiciona o clima, definido como oceánico de montaña, habendo gran contraste entre as zonas altas e as baixas.



Viana do Bolo é a capital comarcal, foi levantada sobre un antigo castro nunha colina rodeada antes polo río Bbei e agora polo encoro de O Bao.



Do patrimonio etnográfico destaca a *Torre do Homemaxe* do S.XV que alberga un museo etnográfico, o *Pilón* situado na *Praza Maior* na que hai edificios barrocos con soportais, balconadas, galerías acristaladas, escudos, e a *igrexa* do S.VIII que conserva unha ventá xeminada de tradición mozárabe.




O entroido vianés é un dos más ancestrais de Galicia, no que destacan catro elementos: o *boteiro*, que conta cun traxe e máscara artesanal de vistosas cores, e que se encarga de abrir paso; as *carrozas*, que soen representar oficios tradicionais; os *foliões*, nos que se tocan bombos e aperos de labranzas; e a *fariña*, que botan homes a mulleres e mulleres a homes. O día grande é o Domingo Gordo no que se celebra a Festa da Androlla.



RUTA 1

Bembibre - Fornelos de Filloás - Ardexarxe - Fradelo - Quintela do Pando



As Tetas de Viana, Ardexarxe.




Sarcófago, Fradelo.



Pazo, Fradelo.



Bodegas de O Val, Bembibre.



Fornelos de Filloás.



Iniciamos a ruta no pobo de **Bembibre** onde destaca a existencia dun antigo balneario de auga sulfurada-bicarbonatada sòdica e fluorada. Tamén na zona das adegas de O Val atópase un pequeno ventanal visigótico pertencente a un posible mosteiro altomedieval. No pobo podemos atopar outras mostras pertencentes o castro de Vila de Sen ou Eirexario próximo a Bembibre. Aínda perduran antigas lendas que fan referencia á presencia de mouros na zona, tal é o caso da Fraga do Pombar ou do Pisón onde dicen estar agachado un tesouro.

A ruta lévanos ata **Ardexarxe** dende onde se pode subir á Pigarreira coñecida popularmente como “as Tetas de Viana”.



Relevo en pedra, Bembibre.



Balneario, Bembibre.




Fraga do Pisón, Bembibre.



Fornelos de Filloás



Quintela do Pando.



Fornelos de Filloás.

Continuamos a ruta en **Fornelos de Filloás** onde é de salientar a arquitectura popular e os restos dos pisóns o carón do río.

Dando un pequeno paseo polo pobo podemos observar numerosas inscricións que fan referencia ao 1600 e 1700, ademáis do peculiar campanario da igrexa. Son de especial interese os tellados recubertos de antigas louxas irregulares.

En **Fradelo** son de destacar os numerosos escudos que se atopan nas distintas casas señoriais e no Pazo, construído en dúas etapas e que conta cun patio exterior con portalón dende o que se observa o corredor de madeira. Hai que resaltar como peculiaridade a existencia dun sarcófago de pedra reutilizado como bebedoiro do gando no medio do pobo.

Rematamos a ruta en **Quintela do Pando**, dende onde existen unhas impresionantes vistas do pobo de Viana. É recomendable a visita ao museo de Nieves, onde podemos observar as figuras que talla cando vai ao



Fornelos de Filloás.

RUTA 2

Santa Mariña da Ponte - Parada das Viñas - Grixoa - Vilarmeao
A Servainza



Parada das Viñas.



Santa María da Ponte.



A Servainza.



Vilarmeao.

A estrada que nos leva a **Santa Mariña da Ponte** discorre ao carón do encoro de O Bao, entre numerosos rebolos e castiñeiro. Unha vez no pobo podemos observar construcións de tipo loxía casa torre.

Continuamos o camiño subindo a **A Servainza**, pequeno pobo de montaña.

En **Grixoa** destaca o seu aspecto señorial polas anchas rúas e imponentes casas, ademais dun Pazo. Unha peculiaridade é a existencia de O Bosque, conxunto arbóreo de acíos e rebolos situado no centro do pobo.

A 1km de Grixoa atópase **Parada das Viñas**, onde podemos apreciar restos de arquitectura popular e fermosas vistas do encoro de O Bao.




A Servainza.



O Bosque, Grixoa.

Grixoa.

Para rematar a ruta achegámonos a **Vilarmeao**, pobo con gran tradición no entroido no que participan a maioría dos veciños, uns tocando o folión mentres outros danzan vestidos con traxes de vistosas cores. No centro do pobo atopamos unha curiosa fonte escavada na rocha. Ademais ainda podemos ver antigos carros de rodas de madeira en perfecto estado de conservación.



Folión de Vilarmeao.



O Pazo, Grixoa.

RUTA 3

San Cibrao - Pinza - Pontón Mosexos - A Hermida Vilardemilo - Vilaseco



Igrexa de Santa Magdalena, Vilardemilo.



Comezamos a ruta no pobo de **San Cibrao**, que se divide en tres barrios: o da Igrexa, o da Touza e a Quinteliña. Na zona de O Medo existe un mirador dende o que se aprecian fermosas vistas panorámicas do pobo de Viana.

Proseguimos o camiño ata **Pinza** que foi arciprestado noutros tempos.

A seguinte parada na nosa ruta é o pobo de **Pontón** no que podemos atopar antigos apeiros de labranza, un forno, un alambique....todo esto conservado nunha casa do pobo.



Capela de A Hermida.

Pontón.



Pontón.



Reliquia da Sta. Cruz, Vilaseco.




Cruceiro de Pinza.



Forno, Vilaseco.



Vilaseco.



Mosexos.

En **Mosexos** aínda perduran diversas construcións con corredores que podemos observar paseando polo pobo. Rodeando o pobo existen numerosos soutos, típico de toda a zona de Viana do Bolo.

Para chegar a **A Hermida, Vilardemilo e Vilaseco da Serra** a ruta prosegue ao longo do canón do Bibei creando unha garganta con desniveis de ata 500m. Durante o camiño podemos parar nos distintos miradoiros a contemplar a beleza da paisaxe, onde a natureza conserva un alto grao de virxinidade e onde abundan soutos de castiñeiros centenarios, rebolos, coníferas e acivros. Ademáis nesta zona existen restos da canle romana que levaba auga dende o que hoxe é o encoro de Pías ata as médulas de Caldesiños (As Telleiras).



San Cibrao.

Trátase este dun pobo de alta montaña no que podemos atopar entre outras cousas un forno restaurado, unha forxa e diversas fontes. Resulta de gran interese a fervenza dos Pontois que se pode observar dende a ladeira de enfrente.

RUTA 4

Punxeiro - San Martiño - Froxais Ramilo - Penouta



Comezamos a ruta en **Ramilo**, onde atopamos unha casa na que destaca o dragón esculpido en pedra, pertence a mesma casa o patio no que se atopa a capela. Nas beiras do río ainda se conservan muiños en funcionamento.

Dende Ramilo parte un camiño que leva ao Lombo das Lagoas e á Lama de Grúa onde podemos disfrutar de lagoas naturais. De camiño as lagoas está a pedra dos Escancerez, o Castelo Pequeno e o Castelo Grande, onde a lenda conta que o cabalo de Santiago deixou as súas pegadas. No ascenso ás lagoas, entre a vexetación autóctona, podemos ver a xanzá, pranta protexida cuia raíz ten usos medicinais.

Lombo das Lagoas, Ramilo.



Mina de Penouta.



Penouta.



Punxeiro.



A seguinte parada é **Penouta**, onde destacamos a mina abandoada da que extraían estaño e wolframio entre outros minerais. Actualmente no interior existe un lago formado polas augas subterráneas que afloraron coa excavación. Nas paredes pódense observar fósiles. Xa fora da mina atopamos a Balsa de Roldán que funcionaba como labadoiro da mina e onde hoxe podemos observar numerosos patos salvaxes.

Continuando a ruta pasamos por **Froxais e San Martiño** onde podemos observar a arquitectura popular e a beleza da paisaxe.

A ruta remata en **Punxeiro** onde atopamos os restos dun Pazo o que pertencen un palomar, unha adega con cova e unha fonte. Na parte de abaixo do pobo comezan as viñas que chegan ata o río Bi-bei formando travesas.

RUTA 5

Sta Mariña de Froxais- Louzaregos
Paradela - Rubiais - Sto. Agostín
Quintela de Oumoso- Vilar de Goia
Oumoso



Paradela.



Oumoso.

A ruta iníciase en **Santa Mariña de Froxais**, onde existen numerosos camiños que percorren a zona entre rebolos, castiñeiro e prados, nestes camiños existían varios pontóns dos que só se conserva o do camiño das Covas. Dende a estrada pódense ver os restos dun forno de cal e a cova de onde se extraía.




Santuario do Pai Eterno, Quintela de Oumoso.



Areal de Santo Agostín.

Vilar de Goia.



Sta. Mariña de Froxais.




Capela do Pazo, Oumoso.



Muiños de Paradela.



Paradela.




Pozo dos Mozos, Paradela.



Camino Real, Rubiais.



Rio Bibei, Sto. Agostín.




Poza da Ola, Sta. Mariña de Froxais.

Antes de chegar o pobo de **Santo Agostín** podemos facer unha parada no Areal do Bibei, disfrutando da paisaxe que o rodea.

Continuamos a **Quintela de Oumoso**, onde podemos visitar o Santuario do Pai Eterno no que se celebra unha romaría o 6 de xuño.

En **Vilar de Goia** podemos disfrutar das antigas tradicións que áinda se manteñen, como a de cocer o pan artesanalmente.

Rematamos coa visita a **Oumoso**, no que resalta o Pazo do S. XVII e a paisaxe que o rodea, polo que se recomenda un paseo ata o río.



RUTA 6

Quintela de Edroso - Edroso - Tabazoa de Edroso - Mourisca - San Mamede - Fornelos de Cova - Covelo



Quintela de Edroso.



Refuxo de pastores, Fornelos de Cova.

Rodeando o pobo de **Quintela de Edroso** existen numerosas praderías nas que se alimenta o gando.

Continuamos o camiño a **Edroso** onde podemos apreciar un dos castiñeiro de maior diámetro da zona. Entre este pobo e Tabazoa de Edroso ainda se conserva un camiño tradicional propicio para dar un paseo, disfrutando da frondosa vexetación que o rodea.

O chegar a **Tabazoa de Edroso** podemos percorrer as súas rúas disfrutando da arquitectura popular.

Edroso.



A Escrita, Mourisca.



Covelo.



Pisadas do Cabalo de Santiago, Fornelos de Cova

O seguinte pobo na ruta é **Mourisca**, por enriba do pobo localízase a Escrita, un conxunto de penedos que na súa cara oeste presenta dous grupos insculptóricos de probable cronoloxía medieval, que se relaciona co cercano xacemento de O Castelo.



Tabazoa de Edroso.



Fornelos de Cova.



Mourisca.



San Mamede.

Rematamos en **Covelo**, donde existen varios miradoiros para disfrutar de vistas sobre o encoro. Ademáis subindo o Alto de Covelo podemos divisar

RUTA 7

Tabazoa de Oumoso Dradelo - Castiñeira Sever - Cepedelo Pradoramisquedo



Cepedelo.




Este itinerario recorre algúns dos pobos de maior altitude do concello. Comezamos en **Tabazoa de Oumoso** onde destaca polas súas grandes dimensións un rebolo próximo ao río Bibei.

A ruta continúa en **Dradelo**, onde nos achegaremos ata a capela, dende alí apreciaremos a beleza da fervenza dos Pontois de Vilaseco.

Pasamos por **Castiñeira** onde destaca a presencia de acívros e verdes prados.




Cepedelo.



Dradelo.



Lagoa da Moza, Pradoramisquedo.



Tabazoa de Oumoso.



Cova patacas, Sever.




Castiñeira de Sever.



Cepedelo.



Sever.



Sever.

Río Bibei, Pradoramisquedo.

A seguinte parada é en **Cepedelo**, onde atopamos varias cruces que forman unha maia circular con posibles intencións de preservar ao núcleo do mal.

De camiño a **Pradoramisquedo** podemos observar as curiosas formas do bibei entre as rochas. Unha vez no pobo podemos ascender ata as lagoas, onde destaca a Lagoa da Moza por ser a de maior tamaño.



Cepedelo.



Río Bibei, Pradoramisquedo.

RUTA 8

Pradocabalos - O Castro - Pixeiros
- A Bouza - Solveira -
Seoane de Arriba
Seoane de Abaixo - Caldesiños



Solveira.

Pixeiros.



Río Camba, Pradocabalos.



Fervenza de Pixeiros.



En **Pradocabalos** podemos visitar o conxunto de muiños restaurados no río Camba. Ademáis ao longo do río Lamazais existen antigos colmeares de altas paredes de pedra.



Pixeiros.



Seguimos ata **O Castro** onde áinda se aprecian as paredes circulares do castro coñecido como Torre dos Mouros. Tamén son de destacar as minas de ferro da época romana.



Pixeiros.

Subindo a **Pixeiros** é de obrigada parada a capela do Carmen onde se celebra unha romería o domingo seguinte o 16 de Xullo. Próxima a ela atópase a casa do peregrino que a construiu.

Desviámonos ata **A Bouza** onde existen mostras da minería da época romana, como o Buraco do Mouro.

A seguinte parada é **Solveira**, onde podemos visitar a igrexa de San Adrao do S. XVIII.

En **Seoane de Arriba** pódense ver varios fornos de cal ademáis do Buraco do Ladrón, que se atopa no camiño dos Sete Roucos no val do Arno.

Pasamos por **Seoane de Abaixo** camiño de **Caldesiños** onde son de destacar as Borreas, explotación aurífera romana.



Forno de A Bouza.




Solveira.



Colmear no Río Lamazais.



As Covas de Pixeiros.



Pradocabalos.

Borreas de Caldesiños.

